



ACTA DO FALLO DO PREMIO SOMOS ESENCIAIS 2022

O terceiro certame 'Somos Esenciais', convocado baixo o lema *A información ao servizo da xente* polo Colexio Profesional de Xornalistas, en colaboración con Gadis, recoñecerá o traballo xornalístico máis salientábel sobre temática social en Galicia 2022.

O xurado do Premio Somos Esenciais 2022 estivo composto por: Manuel Rey Pan, xornalista gañador da pasada edición do Premio 'Somos Esenciais'; Antía González Paredes, membro do Departamento de Comunicación de Gadisa; Francisco X. González Sarria, decano do CPXG; Belén Regueira Leal, vicedecana segunda do CPXG, Lucía Rodríguez Peña, voluntaria e membro da xunta directiva de Agareso, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social; Ana Isabel Rodríguez Vázquez, decana da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela; e Cristina de la Vega Jiménez, xefa de Comunicacións e Relacións Institucionais da Área Sanitaria A Coruña-Cee e representante da Asociación Nacional de Informadores de Saúde; e Darío Janeiro Pereira, secretario do CPXG e tamén do premio, do que levantou a presente acta.

O secretario deu conta dos traballos recibidos, 25 en total entre prensa, radio, televisión, fotografía e internet. A continuación, o xurado debateu para elixir o traballo gañador, dotado cun premio único de 1.500 euros e diploma acreditativo.

Recibidas as propostas e enviadas ao xurado, cada un dos seus membros realizou a valoración das mesmas para chegar a unha decisión conxunta e unánime.

Finalmente, o xurado decidiu outorgar o premio 'Somos Esenciais 2022' a **xornalista Gemma Malvido Otero e a fotoxornalista Vanessa Casteleiro Martínez, de La Opinión A Coruña, pola súa serie de reportaxes: 'Una tarde en Teixeiro: "¿Se porta bien?" e "Con ganas de salir adelante"', xunto con 'Una mañana en Teixeiro: Deporte, trabajo, estudio y manualidades para volver a la calle'.**

Da serie, os membros do xurado, queren destacar o respecto con que é tratada a vida nun centro penitenciario sen caer no sensacionalismo. As reportaxes levan un fondo traballo de investigación e dedicación detrás que sensibiliza aos lectores cunha realidade, esperanzadora, pouco coñecida para o resto da sociedade.

Concédeselle a mención de honra como *finalista* á xornalista **María de La Huerta, por 'Suicidio de mayores, un drama silenciado', de La Opinión A Coruña, un traballo de impecable execución que pon en práctica as recomendacións profesionais máis recentes sobre a necesidade de informar sobre o suicidio e facelo de maneira responsable.**



Quérese deixar constancia da cantidade de traballos recibidos e a súa calidade. Estas 25 propostas veñen a confirmar a necesidade de manter nos medios unha información social de calidade que achegue as realidades sociais a toda a poboación.

A organización realizará un acto de entrega do premio nunha data por determinar, do que se dará cumprida información.

Sen máis asuntos que tratar, e facendo constar o agradecemento da organización aos membros do xurado polo seu traballo, así como os parabéns para as gañadoras, a finalista e o resto de participantes, levántase a sesión.

E, para que así conste, asínase esta acta en Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023.

Darío Janeiro
Secretario do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia